



O Centro de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade da Coruña (UDC) creouse no ano 2000 co obxectivo de potenciar a investigación, o desenvolvemento e a innovación nos ámbitos da enxeñaría naval e industrial. No ano 2022, por acordo do seu consello reitor, transformouse no Centro en Tecnoloxías Navais e Industriais (CITENI).

A UDC velará por que o CITENI dispoña dunhas instalacións idóneas e desenvolva un labor de interacción científica innovadora con axentes da súa contorna. Por iso, o seu funcionamento debe estar regulado segundo todos os preceptos que emanen da lexislación vixente e os acordos do Consello de Goberno da UDC que foron aplicables e, especificamente, polo presente regulamento de réxime interno.

## TÍTULO I

### NATUREZA E OBXECTIVOS DO CITENI

#### Artigo 1. Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición

1. O CITENI é unha estrutura organizativa da UDC especializada na investigación e na transferencia nos ámbitos da enxeñaría naval e industrial.
2. O CITENI réxese por este regulamento, polos Estatutos e as normas propias da UDC que lle sexan de aplicación, en particular pola Normativa de creación de centros de investigación da UDC (aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 26 de novembro de 2020 e modificada tamén en Consello de Goberno, na súa sesión do 25 de marzo de 2021), e mais pola lexislación xeral de procedemento, universitaria, científica e tecnolóxica que igualmente lle sexa de aplicación.
3. O CITENI está adscrito organicamente á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia ou á vicerreitoría equivalente con competencias en materia de Investigación.

#### Artigo 2. Obxectivos do CITENI

1. Son obxectivos do CITENI:
  - a. Dar soporte ás actividades en I+D+i dos/as investigadores/as da UDC que estean integrados/as no centro.
  - b. Desenvolver proxectos de I+D+i financiados por axencias ou organismos públicos, privados, ou por empresas.
  - c. Transferir os resultados da investigación velando pola protección intelectual da UDC e dos seus autores.
  - d. Formar e captar investigadores/as e colaborar nacional e internacionalmente con grupos e centros de investigación de referencia.
  - e. Difundir resultados a través de publicacións, teses de doutoramento, reunións científicas e actividades difundidas á comunidade investigadora e á sociedade en xeral.

Código Seguro De Verificación	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- f. Contribuír como elemento activo nas relacións universidade-empresa e, en xeral, universidade-sociedade.
2. Para o logro destes obxectivos, o CITENI desenvolverá cantas funcións e actividades foren necesarias de conformidade co disposto no artigo 1.

## TÍTULO II

### ESTRUTURA E XESTIÓN

#### Artigo 3. Membros

1. Son membros do CITENI:
- a. O persoal investigador (PDI), funcionario ou con relación contractual coa UDC adscrito ao centro segundo a normativa de adscrición individual, así como outro persoal investigador procedente de convocatorias de captación de talento, ciencia excelente ou similares.
  - b. O persoal investigador en formación, que conte coa dirección dun/ha investigador/a adscrito/a ao CITENI.
  - c. O persoal técnico de xestión, de laboratorio ou informática.
  - d. O persoal de administración e servizos (PAS) da UDC adscrito ao centro.
  - e. O persoal investigador colaborador doutras entidades que demostre unha traxectoria profesional de excelencia. Poderá ser proposto por un membro permanente do centro ou da Comisión Asesora Externa e deberá contar coa aprobación expresa do Comité Interno de Dirección. Esta figura terá un carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20 % do total de membros.
2. Despois da proposta expresa do Comité Interno de Dirección corresponde ao/ao reitor/a adscribir ao PDI e ao resto de persoal ao CITENI.
4. A relación do persoal investigador adscrito estará actualizada na páxina web do CITENI.
5. O persoal contratado con cargo aos proxectos desenvolvidos no CITENI estará adscrito automaticamente ao centro.
6. A perda da condición de membro do CITENI prodúcese:
- a. Por renuncia expresa da persoa adscrita, que deberá ser aceptada polo Comité Interno de Dirección.
  - b. Por resolución expresa do/da reitor/a, a proposta do Comité Interno de Dirección en caso de incumprimento grave de compromisos científicos, éticos ou financeiros,

Código Seguro De Verificación	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
Observacións		Páxina	2/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ou polas periódicas avaliacións negativas realizadas pola Comisión Asesora Externa ou outras comisións que a normativa de rango superior dispoña.

- c. De mutuo acordo.
- d. Por perda da vinculación coa UDC.

#### Artigo 4. Estrutura de goberno

A estrutura de goberno do CITENI é a seguinte:

- Órganos colexiados
  - Consello Reitor
  - Comisión Asesora Externa
  - Comité Asesor Empresarial
  - Comité Interno de Dirección
- Órganos unipersoais
  - Director/a científico/a
  - Director/a técnico/a

#### Artigo 5. Dirección científica do CITENI

1. O/a director/a científico/a do CITENI será nomeado/a por un período de catro anos, que poderá ser renovable por un período adicional, a proposta da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación. Debe ser membro do PDI da UDC en servizo activo e a tempo completo. Deste nomeamento darase conta ao Consello Reitor.
2. O/a director/a científico/a do CITENI terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente que estableza a normativa da UDC.
3. A perda da condición de director/a científico/a do centro producirase por renuncia, perda da condición de PDI, perda da dedicación a tempo completo ou cesamento a proposta do Consello Reitor.
4. Son competencias do/a director científico/a do CITENI as seguintes:
  - a. Representar institucionalmente o centro.
  - b. Definir as tarefas do persoal de administración e servizos (PAS) da UDC adscrito ao centro, e do persoal técnico de xestión, de laboratorio ou informático contratado para proporcionar asistencia ao CITENI.
  - c. Dirixir cantas accións sexan encomendadas polo Comité Interno de Dirección, de acordo coas competencias definidas no artigo 7.

Código Seguro De Verificación	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- d. Dirixir cantas accións sexan encomendadas polo Consello Reitor, de acordo coas competencias definidas no artigo 8.
- e. Dirixir anualmente a elaboración da memoria de actividades do centro, en que se especificarán os fitos de carácter científico alcanzados: publicacións, participación en congresos, patentes, proxectos, contratos con empresas, e cantos méritos medibles establezan o Consello Reitor ou as normas de rango superior. A dita memoria deberá ser remitida á Comisión Asesora Externa para a súa avaliación anual.
- f. Dirixir a elaboración do Programa xeral de actividades e do Plan estratéxico do centro e, no seu caso, as súas modificacións, que deben ser aprobados polo Consello Reitor. Para iso teranse en conta as directrices proporcionadas polo propio Consello Reitor e a Comisión Asesora Externa.
- g. Dirixir os labores de mantemento do centro, as súas instalacións e dos seus equipos.
- h. Dirixir a elaboración do orzamento de ingresos e gastos, así como a súa liquidación, que deberá aprobar o Consello Reitor.
- i. Velar polo bo funcionamento do CITENI e polo cumprimento deste regulamento.

#### Artigo 6. Dirección técnica do CITENI

1. O/a director/a técnico/a do CITENI será nomeado polo/a reitor/a, a proposta de quen exerza a dirección científica do centro e por un período igual ao que lle reste de mandato, entre o PDI a tempo completo da UDC.
2. O/a directora/a técnico/a do CITENI terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente que estableza a normativa da UDC.
3. A perda da condición de director/a técnico/a producirase por renuncia, perda da condición de PDI, perda de dedicación a tempo completo ou cesamento a proposta do Consello Reitor. Nesta última circunstancia deberase contar cun informe do director/a científico/a.
4. O/a director/a técnico/a do CITENI colaborará co director/a nas tarefas que lle encargue.

#### Artigo 7. Comité Interno de Dirección

1. O Comité Interno de Dirección do CITENI é o órgano colexiado competente para desenvolver as liñas estratéxicas do centro.
2. O Comité Interno de Dirección do CITENI estará constituído:
  - a. Pola persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación ou persoa en quen delegue, que o presidirá.
  - b. Pola persoa que ocupe a dirección científica, que será a vicepresidenta.
  - c. Pola persoa que ocupe a dirección técnica, que actuará como secretaria.
  - d. Por un mínimo de cinco representantes do persoal investigador adscrito ao CITENI.

Código Seguro De Verificación	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- e. Por un/unha representante do PAS (se o houberse) ou do persoal técnico do centro.
  - f. Cando así se requira, calquera membro do centro pode asistir ás reunións para informar sobre temas que lle interesen ao Comité.
3. Os seus membros serán nomeados polo/a directora/a científico/a do CITENI, a proposta do Consello Reitor. Estes representantes exercerán a súa función por un período de catro anos desde o seu nomeamento, que poderá ser renovado.
4. Son competencias do Comité Interno de Dirección:
- a. Definir as condicións de adscrición/desvinculación dos membros do CITENI.
  - b. Informar das necesidades dos/as investigadores/as e sobre as disfuncións que se detectaren no funcionamento e no uso das instalacións e servizos do CITENI.
  - c. Estudar e propor plans de mellora nas instalacións e servizos do CITENI.
  - d. Propor solicitudes de infraestruturas.
  - e. Propor adecuacións ou modificacións do regulamento do CITENI.
  - f. Propor a incorporación de novo persoal investigador ao CITENI.
  - g. Propor a creación de comisións específicas convenientes para o estudo de asuntos concretos que afecten ao CITENI
  - h. Constituír comités, de carácter temporal ou permanente, integrados por membros adscritos ao CITENI, que faciliten ou fagan máis eficaz o traballo do Comité Interno de Dirección.
  - i. Propor seminarios, conferencias, xornadas ou calquera outra actividade dirixida a cumprir cos obxectivos do centro.
  - j. Propor novas liñas de investigación para o centro.
5. O Comité Interno de Dirección reunirse, ao menos, dúas veces ao ano por convocatoria do/a director/a científico/a do CITENI ou por petición de, como mínimo, a terceira parte dos seus membros.

#### Artigo 8. Consello Reitor

1. O Consello Reitor, órgano superior de goberno do centro, terá a seguinte composición:
- a. O/a reitor/a, que o presidirá e convocará, ou persoa en quen delegar.
  - b. O/a vicerreitor/a con competencias en Investigación, ou persoa en quen delegar.
  - c. Un/ha vogal en representación do Consello de Goberno da UDC, nomeado polo/a reitor/a.
  - d. Se as houberse, unha representación das institucións públicas ou privadas que contribúan de forma substancial e estable ao financiamento ou actividade investigadora do centro.

Código Seguro De Verificación	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
Observacións		Páxina	5/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- e. O/a directora/a científico/a do CITENI.
  - f. O/a directora/a técnico/a do CITENI, que actuará como secretario/a do Consello Reitor.
2. Os membros universitarios deberán representar sempre a maioría do Consello Reitor.
  3. O Consello Reitor reunirse, ao menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria, e en sesión extraordinaria as veces que foren necesarias.
  4. Sen menoscabo das competencias que, de acordo coa normativa vixente, sexan propias dos órganos superiores de goberno da UDC, son competencias do Consello Reitor do centro as seguintes:
    - a. Aprobar o Programa xeral de actividades e o Plan estratéxico do centro, así como as súas modificacións.
    - b. Aprobar a proposta orzamentaria de ingresos e gastos, así como a súa liquidación que se remitirá anualmente ao Consello de Goberno da UDC, acompañados da memoria de actuación.
    - c. Articular programas que reciban fondos do sector público comunitario, estatal, autonómico ou local, e de sectores privados, universidades ou organismos internacionais.
    - d. Propor ao Consello de Goberno da UDC a incorporación doutras entidades públicas ou privadas ao Consello Reitor, de conformidade co presente regulamento.
    - e. Propoñer ao Consello de Goberno da UDC a modificación do regulamento de réxime interno cando cumpra.
    - f. Propor ao Consello de Goberno da UDC o nomeamento ou cesamento dos membros do Comité Interno de Dirección.
    - g. Propor ao Consello de Goberno da UDC o nomeamento ou cesamento dos membros da Comisión Externa Asesora.
    - h. Acordar a proposta de cesamento de quen dirixa cientificamente o centro, cando concorran as circunstancias que así o determinen.

#### Artigo 9. Comisión Asesora Externa

1. A Comisión Asesora Externa será o órgano asesor e estará constituída, ao menos, por cinco investigadores/as e/ou técnicos/as externos á UDC de recoñecido prestixio internacional con ampla experiencia científica e/ou técnica e na dirección de investigación, innovación ou transferencia tecnolóxica nas áreas de actuación do CITENI.
2. Os membros da Comisión Asesora Externa serán designados polo/a reitor/a ou vicerreitor/a con competencias en investigación, a proposta do Consello Reitor, por un período de catro anos que poderá ser renovado.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/10
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





3. A Comisión Asesora Externa do CITENI escollerá de entre os seus membros aquelas persoas que ocupen os cargos de presidente/a e secretario/a. A duración destes cargos será de catro anos e poderán ser renovados.
4. Son funcións da Comisión Asesora Externa:
  - a. Asesorar a dirección e o Consello Reitor sobre a definición temática e a orientación da investigación que se desenvolve no centro, así como sobre calquera outro aspecto que se considerar oportuno.
  - b. Asistir á Dirección e ao Consello Reitor no seguimento do desenvolvemento da investigación do centro e da transferencia dos resultados da investigación.
  - c. Avaliar periodicamente a actividade científica dos investigadores vinculados ao centro e emitir os correspondentes informes de valoración.
  - d. Informar do interese de vincular novos/as investigadores/as titulares e/ou asociados/as ao centro.
  - e. Avaliar anualmente as memorias de actividades do centro.
  - f. Avaliar globalmente cada catro anos a actividade do centro.
  - g. Realizar os informes e as propostas que se xulgaren oportunos en todo o relativo á política científica do centro.
5. A Comisión Asesora Externa reunirse nunha sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao ano.

#### Artigo 10. Comité Asesor Empresarial

1. O Comité Asesor Empresarial será o órgano consultivo externo e estará constituído, ao menos, por cinco membros expertos e representantes do tecido produtivo e industrial que ten como finalidade revisar o enfoque estratéxico do CITENI para adaptalo ás necesidades e demandas da industria e as empresas. Reunirse como mínimo unha vez ao ano, nunha sesión ordinaria.
2. Os membros do Comité Asesor Empresarial serán designados polo reitor/a ou vicerreitor/a, por proposta do Consello Reitor, e será o propio Comité o que escolla entre os seus membros aquelas persoas que exercerán os cargos de presidente/a e secretario/a. A duración destes cargos será de catro anos e poderán ser renovados.
3. As funcións do Comité Asesor Empresarial serán as seguintes:
  - a. Facilitar as colaboracións co tecido e a colaboración público-privada.
  - b. Revisar o enfoque estratéxico do CITENI para adaptalo ás necesidades das empresas.
  - c. Identificar as necesidades do tecido empresarial e industrial en termos de I+D para orientar a investigación no CITENI de forma que facilite a transferencia de resultados.

Código Seguro De Verificación	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
Observacións		Páxina	7/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## TÍTULO III

### CONTROL E AVALIACIÓN

#### Artigo 11. Seguimento

1. O/a directora/a científico/a do CITENI elaborará anualmente unha memoria das actividades realizadas. Cada catro anos, ademais, o Consello Reitor aprobará unha proposta de obxectivos estratéxicos para o próximo período que inclúa indicadores específicos que permitan avaliar a actividade desenvolvida.
2. A proposta cuadrienal de obxectivos estratéxicos incluirá a avaliación da actividade do centro no período de referencia, dirixida pola Comisión Asesora Externa, de acordo co disposto no artigo 9.

#### Artigo 12. Ética na investigación

O CITENI desenvolverá as súas actividades en conformidade cos estándares éticos, baixo a supervisión do Comité de Ética na Investigación e na Docencia da UDC e de conformidade coa normativa vixente.

#### Artigo 13. Contratación de persoal

Adoptaranse cantas medidas foren precisas para asegurar que na contratación de persoal adscrito ao CITENI e aos proxectos vinculados ao centro se cumpra a lexislación e os convenios colectivos de aplicación.

#### Artigo 14. Igualdade do xénero

O CITENI aplicará con carácter transversal, en todas as súas actividades, políticas e medidas adecuadas para eliminar calquera desigualdade, directa ou indirecta, entre homes e mulleres, en coordinación coa Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC. En particular, procurarase o equilibrio de xénero na composición dos órganos colexiados do centro.

#### Artigo 15. Normalización e promoción da lingua galega

De conformidade co Regulamento de usos da lingua galega da UDC, o CITENI utilizará o galego como lingua de uso normal no seu funcionamento e na súa proxección externa, e promoverá de forma activa o uso da lingua galega nas actividades científicas que se desenvolvan no centro.

Código Seguro De Verificación	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
Observacións		Páxina	8/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		







## TÍTULO IV

### BENS E INFRAESTRUTURA

#### Artigo 16. Instalacións

1. Os laboratorios que actualmente compoñen o CITENI, e sen prexuízo de futuras ampliacións ou modificacións, son os que figuran na súa páxina web.
2. Para favorecer un mellor cumprimento dos obxectivos do CITENI, os laboratorios poderán ser creados, modificados, suprimidos ou cedidos aos grupos ou investigadores/as polo/o director/a científico/a do CITENI, logo do informe favorable do Comité Interno de Dirección do CITENI e co visto e prace da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación.
3. Mediante unha autorización ou concesión, segundo proceda, o CITENI poderá ceder o uso de espazos nas súas instalacións a empresas cuxa actividade estea relacionada coas súas áreas de investigación. Para iso, deberase contar cun informe favorable do Comité Interno de Dirección do CITENI e coa aprobación do Consello Reitor.

## TÍTULO V

### RÉXIME ECONÓMICO

#### Artigo 17. Xestión económica

1. Os orzamentos da UDC conteñen a dotación económica do CITENI, que será adecuada ao seu funcionamento.
2. Os gastos do CITENI serán autorizados polo/o director/a científico/a do centro.
3. A xestión económica dos proxectos do persoal investigador do CITENI será realizada a través dos negociados de asuntos económicos que correspondan.
4. O Consello Reitor aprobará a proposta orzamentaria de ingresos e gastos, así como a súa liquidación que se remitirá anualmente ao Consello de Goberno da UDC, xunto coa memoria de actuación.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o Regulamento do CIT aprobado no Consello de Goberno do 16 de decembro de 2021 e mais as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste regulamento.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/10
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		






## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 31/05/2022  
O secretario xeral

<b>Código Seguro De Verificación</b>	D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	31/05/2022 12:43:32	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	10/10	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==">https://sede.udc.gal/services/validation/D3Q32bmn2QB/EypIMpjy5A==</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			